

ROSA ANA PRADA QUEIPO, SECRETARIA DO CONCELLO DE AMES NA PROVINCIA DA CORUÑA

CERTIFICO: QUE O PLENO DESTE CONCELLO LEVOU A CABO SESIÓN EXTRAORDINARIA DE ORGANIZACIÓN O DÍA 2 DE XULLO DE 2019. DESA REUNIÓN REDACTOUSE A CORRESPONDENTE ACTA QUE É DO TEOR LITERAL SEGUINTE:

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE ORGANIZACIÓN LEVADA A CABO POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 2 DE XULLO DE 2019.

No Salón de Sesi3ns da Casa do Concello de Ames, 3s vinte horas e trinta minutos horas (20:30) do d3a 2 de xullo de 2019, re3nese o Pleno do Concello en sesi3n extraordinaria de primeira convocatoria, convocada ao efecto polo alcalde **Jos3 Manuel Mi3ones Conde**, en virtude das atribuci3ns que lle confiren os artigos 21.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do R3xime Local (LRBRL) e 78 do Regulamento de Organizaci3n, Funcionamento e R3xime Xur3dico das Entidades Locais, (ROF) e coa asistencia das/os se3oras/os concelleiras/os seguintes:

C.I.F.: P - 1500200 - I

Grupo municipal Socialista	Jos3 M. Mi3ones Conde
	Luisa Feij3o Montero
	Jos3 Blas Garc3a Pi3eiro
	Susana Se3or3s Rodr3guez
	Manuel Lens Cernadas
	Beatriz Mart3nez Dom3nguez
	V3ctor Manuel Fern3ndez Prieto
	Ana Bel3n Paz Garc3a
Grupo municipal Popular	Ram3n Garc3a Argibay
	Mar3a Oliva Agra Costoya
	Mar3a Dolores Fern3ndez 3lvarez
	Mar3a Belen Castro Montenegro
	Francisco Javier Olmo Olmo
	Emilio Mart3nez Carballeira
Grupo municipal BNG	David Santomil Mosquera
	Natividad de Jos3s Gonz3lez Rodr3guez
	Escarlata Pamp3n L3pez
Grupo municipal Contigo Podemos	Genma Otero Uh3a
	Vanessa Vidal Freire
Grupo Mixto	Enrique Costas Bastero
	Jos3 Ram3n Oulego Erroz

Asiste a **interventora**, Margarita Fern3ndez Sobrino.

Actúa como **secretaria** a titular da Corporación, Rosa Ana Prada Queipo.

ORDE DO DÍA

A) PARA DAR CONTA

Punto Primeiro.- Constitución de grupos políticos municipais.

O señor alcalde, **José Manuel Miñones Conde**, da comezo á sesión extraordinaria de pleno, saudando e dando a benvinda a todos os membros da nova Corporación.

Da conta, en primeiro lugar, da constitución dos grupos municipais socialista, popular, do BNG e de Contigo Podemos.

Os concelleiros das candidatura Ames Novo e Ciudadanos, xa que obtiveron un único concelleiro cada un deles, pasan ao Grupo Mixto en aplicación do previsto no artigo 74 da LALGA (Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia) e 4 do ROM (Regulamento Orgánico Municipal).

Punto Segundo.- Resolucions da Alcaldía en materia de nomeamento de tenentes de alcalde, membros de Xunta de Goberno Local, creación de concellerías delegadas e delegacións conferidas.

Polo señor alcalde, **José Manuel Miñones Conde**, dáse conta das resolucions de Alcaldía de creación e composición de Xunta de Goberno Local, nomeamento de tenentes de alcalde e concellerías delegadas, decretos 1742/2019, 1745/2019 e 1747/2019, respectivamente.

Dáse conta tamén das delegacións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local (decreto 1776/2019 de 21 de xuño).

B). PARA DELIBERACIÓN E ACORDO:

Punto Terceiro.- Aprobación da acta da sesión constitutiva da Corporación.

A acta da sesión constitutiva de 15 de xuño de 2019 é aprobada por unanimidade dos membros presentes da Corporación Municipal.

Punto Cuarto.- Periodicidade das sesións ordinarias do Pleno.

(.....)

Rematadas as intervencións, o pleno da corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro. O Pleno do Concello de Ames celebrará sesión ordinaria con periodicidade mensual, o último xoves de cada mes ás 20:30 horas.

De coincidir festivo a data de celebración será determinada, previo consenso, na Xunta de Voceiros. O mesmo criterio será aplicado para as sesións ordinarias de agosto e decembro.

A dotación económica por asistencia á sesión de Pleno será de 200 euros por concelleiro/a. De ter lugar varios plenos no mesmo día soamente percibirase unha única asistencia.

Segundo. - Modificar as bases de execución do orzamento municipal.

Terceiro. O presente acordo será publicado no Boletín Oficial da Provincia aos efectos legalmente establecidos e no Portal de Transparencia do Concello de Ames.

Punto Quinto.- Periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.

(.....)

Rematadas as intervencións, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta dos seus membros presentes, cos votos a favor dos/as 8 concelleiros/as do grupo municipal socialista, dos/as 3 concelleiros/as do grupo municipal do BNG, dos/as 2 concelleiros/as do grupo municipal Contigo Podemos, dos concelleiros do Grupo Mixto, Enrique Costas Bastero e José Ramón Oulego Erroz , e o voto en contra dos/as 6 concelleiros/as do grupo municipal popular, adopta os seguintes acordos:

Primeiro. A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria semanalmente, no día e hora fixado pola Alcaldía (xoves ás 13:00 horas). De coincidir festivo, a sesión ordinaria celebrárase o primeiro día laborable seguinte (de luns de venres), á mesma hora.

Segundo. A dotación económica por asistencia á Xunta de Goberno Local será de 100 euros por concelleiro/a. De celebrarse mais dunha sesión no mesmo día soamente percibirase unha única asistencia. Esta modificación será recollida nas bases de execución do orzamento municipal.

Terceiro. O acordo de periodicidade das sesións ordinarias de Xunta de Goberno Local, será publicado no Boletín Oficial da Provincia aos efectos legalmente establecidos así como no Portal de Transparencia municipal.

Punto Sexto.- Creación e composición de Comisións Informativas Permanentes.

(.....)

Rematadas as intervencións, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta dos seus membros presentes, cos votos a favor dos/as 8 concelleiros/as do grupo municipal socialista, dos/as 3 concelleiros/as do grupo municipal do BNG, dos/as 2 concelleiros/as do grupo municipal Contigo Podemos e a abstención dos/as 6 concelleiros/as do grupo municipal popular e dos concelleiros do Grupo Mixto, Enrique Costas Bastero e José Ramón Oulego Erroz, adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Crear as Comisións Informativas Permanentes que a continuación se indican:

Comisión Informativa permanente de Administración Xeral e Atención Veciñal.

Ditamará os asuntos de competencia plenaria en materia de persoal, comunicación, atención veciñal, participación cidadá e TICs.

Comisión Informativa permanente de Desenvolvemento Urbano.

Ditamará os asuntos de competencia plenaria en materia de Urbanismo, Mobilidade,

Seguridade, Tráfico, Obras, Protección Civil, Parques e Xardíns.

Comisión Informativa permanente de Benestar e Promoción Social.

Ditaminará os asuntos de competencia plenaria en materia de Servizos Sociais, Igualdade, Muller, Voluntariado, Educación, Cultura e Normalización Lingüística.

Comisión Informativa permanente de Transición Ecolóxica.

Ditaminará os asuntos de competencia plenaria en materia de Medio Ambiente, Medio Rural e Patrimonio Histórico.

Comisión Informativa permanente de Promoción da Saúde.

Ditaminará os asuntos de competencia plenaria en materia de Deportes, Sanidade, Turismo e Mocidade.

Comisión Informativa Permanente de Economía e Facenda e Especial de Contas.

Ditaminará os asuntos de competencia plenaria en materia de Economía, Facenda, Promoción Económica, Transparencia, Comercio, Emprego e Contas.

Segundo. A composición de tódalas Comisións Informativas permanentes será a seguinte:

Presidente: alcalde.

3 representantes do grupo municipal socialista (incluído o presidente)

2 representantes do grupo municipal popular

1 representante do grupo municipal BNG

1 representante do grupo municipal Contigo Podemos

1 representante do grupo mixto

O alcalde é o presidente nato de todas as Comisións Informativas permanentes, porén a presidencia efectiva poderá delegarse en calquera membro da Corporación a proposta da propia comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seno.

Terceiro. As sesións ordinarias das comisións informativas permanentes terán a mesma periodicidade que as sesións ordinarias de pleno, celebrándose os venres anteriores á celebración do pleno ordinario. De coincidir festivo celebrarase o primeiro día laborable seguinte (de luns de venres).

Cuarto. A remuneración económica por asistencia ás comisións informativas será de 50 euros por concelleiro/a. De celebrarse mais dunha Comisión Informativa permanente no mesmo día, soamente percibirase unha única asistencia.

Quinto. De conformidade co artigo 125 do ROF a adscrición concreta a cada comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do/a voceiro/a do mesmo, dirixido ao alcalde do que se dará conta ao pleno. Poderá designarse de igual forma un suplente por cada titular.

Sexto.- Modificar as bases de execución do orzamento municipal e publicar os

acordos que anteceden no BOP e no Portal de Transparencia municipal do Concello de Ames.

Punto Sétimo.- Nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados competencia de Pleno.

(.....)

Rematadas as intervencións, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta dos seus membros presentes, cos votos a favor dos/as 8 concelleiros/as do grupo municipal socialista, dos/as 3 concelleiros/as do grupo municipal do BNG, dos/as 2 concelleiros/as do grupo municipal Contigo Podemos e a abstención dos/as 6 concelleiros/as do grupo municipal popular e dos concelleiros do Grupo Mixto, Enrique Costas Bastero e José Ramón Oulego Erroz, adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Nomear como representante desta Corporación na Mancomunidade de Municipios de Santiago de Compostela ao alcalde do Concello de Ames, podendo delegar en calquera dos membros do goberno municipal.

Segundo. Nomear como representante desta Corporación no Padroado da Fundación Comarcal de Santiago de Compostela ao alcalde do Concello de Ames, podendo delegar en calquera dos membros do goberno municipal.

Terceiro. Nomear como representante desta Corporación no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ao alcalde do Concello de Ames, podendo delegar en calquera dos membros do goberno municipal.

Cuarto. Nomear como representante desta Corporación na mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza ao alcalde do Concello de Ames, podendo delegar en calquera dos membros do goberno municipal.

Quinto.- Nomear como representante desta Corporación na Asamblea Xeral de Cooperativas Lácteas Unidas CLUN S. Cooperativa Galega, ao alcalde do Concello de Ames, podendo delegar en calquera dos membros do goberno municipal.

Punto Oitavo.- Delegacións do Pleno na Xunta de Goberno Local.

Rematadas as intervencións, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta dos seus membros presentes, cos votos a favor dos/as 8 concelleiros/as do grupo municipal socialista, dos/as 3 concelleiros/as do grupo municipal do BNG, dos/as 2 concelleiros/as do grupo municipal Contigo Podemos e do concelleiro do Grupo Mixto Enrique Costas Bastero e a abstención dos/as 6 concelleiros/as do grupo municipal popular e do concelleiro do grupo Mixto José Ramón Oulego Erroz, adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a formación das mesas electorais, prevista no artigo 26 da Lei 5/1985 do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, mantendo o carácter público da sesión.

Esta delegación deberá ser aceptada expresamente pola Xunta de Goberno Local.

Segundo. O presente acordo será publicado no Boletín Oficial da Provincia aos efectos legalmente establecidos e no Portal de Transparencia do Concello de Ames.

Punto Noveno .- Dotación de medios en favor dos grupos políticos.

Rematadas as intervencións, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta dos seus membros presentes, cos votos a favor dos/as 8 concelleiros/as do grupo municipal socialista, dos/as 3 concelleiros/as do grupo municipal do BNG, dos/as 2 concelleiros/as do grupo municipal Contigo Podemos, o voto en contra do concelleiro do Grupo Mixto Enrique Costas Bastero e dos/as 6 concelleiros/as do grupo municipal popular e a abstención do concelleiro do Grupo Mixto José Ramón Oulego Erroz, adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Asignar aos grupos municipais da oposición, Popular e Mixto, un local nas inmediacións da casa consistorial que disporá de mobiliario, ordenador, fotocopiadora, liña telefónica e conexión a Internet.

Segundo. Asignar a cada grupo municipal unha achega económica que constará de dúas variables, unha fixa de 100 euros mensuais e outra variable de 100 euros por cada membro, tamén mensual.

Terceiro. Asignar aos grupos municipais da oposición, Popular e Mixto, o seguinte persoal eventual de confianza, categoría profesional de auxiliar administrativo/a.

Grupo municipal popular: 1 auxiliar administrativo a xornada completa cunha retribución bruta anual de 20.473,28 euros. As retribucións experimentarán a mesmas modificacións que as do resto do persoal municipal.

Grupo Mixto: 2 auxiliares administrativos a media xornada cunha retribución bruta anual cada un deles de 10.031,9 euros. As retribucións experimentarán as mesmas modificacións que as do resto do persoal municipal.

Dito persoal será proposto por cada grupo.

Cuarto. Os acordos que anteceden, no referente ao persoal eventual, faranse efectivos no momento no que se diten os decretos de nomeamento do dito persoal eventual. Nos restantes acordos os mesmos serán efectivos o antes posible.

Os acordos se publicarán no Boletín Oficial da Provincia nos termos legalmente previstos e no Portal de Transparencia do Concello de Ames.

Quinto.- Facultar ao señor alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Punto Décimo.- Creación de postos de traballo de persoal eventual de confianza.

(.....)

Rematadas as intervencións, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta dos seus membros presentes, cos votos a favor dos/as 8 concelleiros/as do grupo municipal socialista, dos/as 3 concelleiros/as do grupo municipal do BNG, dos/as 2 concelleiros/as do grupo municipal Contigo Podemos, o voto en contra do concelleiro do Grupo Mixto Enrique Costas Bastero e dos/as 6 concelleiros/as do grupo municipal popular e a abstención do concelleiro do Grupo Mixto José Ramón Oulego Erroz, adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Crear os seguintes postos de persoal eventual:

Denominación do posto: Administrativo/a de Gabinete da Alcaldía.

Número de postos: 1.

Características: Cargo de confianza da Alcaldía a quen lle corresponde o seu nomeamento e cese. Cesará automaticamente cando cese a autoridade que procedeu ao seu nomeamento. Será designado pola Alcaldía.

A súa función será asistir ao alcalde no desenvolvemento de todas as funcións propias do ámbito das súas responsabilidades, e ao resto do equipo de goberno cando así o determine a Alcaldía.

A xornada laboral será a ordinaria do resto do persoal municipal, sen prexuízo da súa especial dispoñibilidade, segundo as necesidades da Alcaldía.

Retribucións: 27.319,89 euros brutos anuais. Ditas retribucións percibiranse en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe. As retribucións experimentarán a mesma modificación que a do resto do persoal municipal.

Denominación do posto: Administrativo/a de Gabinete da Alcaldía.

Número de postos: 1

Características: Cargo de confianza da Alcaldía a quen lle corresponde o seu nomeamento e cese. Cesará automaticamente cando cese a autoridade que procedeu ao seu nomeamento. Será designado pola Alcaldía

A súa función será asistir ao alcalde no desenvolvemento de todas as funcións propias do ámbito das súas responsabilidades, e ao resto do equipo de goberno cando así o determine a Alcaldía.

A xornada laboral será a ordinaria do resto do persoal municipal, sen prexuízo da súa especial dispoñibilidade, segundo as necesidades da Alcaldía.

Retribucións: 27.319,89 euros brutos anuais. Ditas retribucións percibiranse en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe. As retribucións experimentarán a mesma modificación que a do resto do persoal municipal.

Denominación do posto: Auxiliar/administrativo/a do Goberno **Número de postos:** 2

Características: Cargo de confianza do goberno a quen lle corresponde o seu nomeamento e cese. Cesará automaticamente cando cese a autoridade que procedeu ao seu nomeamento. Serán designados pola Alcaldía.

As súas funcións serán asistir ao goberno no desenvolvemento de todas as funcións propias do ámbito das súas responsabilidades.

A xornada laboral será a ordinaria do resto do persoal municipal, sen prexuízo das súa especial dispoñibilidade segundo as necesidades do goberno municipal.

Retribucións: 20.473,28 euros brutos anuais. Ditas retribucións percibiranse en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias en xuño e decembro polo mesmo importe. As retribucións experimentarán a mesma modificación que a do resto

do persoal municipal.

Denominación do posto: Auxiliar/administrativo/a dos grupos municipais da oposición.

Número de postos: 3. 1 auxiliar para o grupo municipal popular e 2 para o grupo mixto. Serán designados polos grupos.

Características: Cargo de confianza dos grupos municipais da oposición a quen lle corresponde o seu nomeamento e cese. Cesará automaticamente cando cese a autoridade que procedeu ao seu nomeamento.

As súas funcións serán asistir ao grupo no desenvolvemento de todas as funcións propias do ámbito das súas responsabilidades.

A xornada laboral será a ordinaria do resto do persoal municipal, no suposto do persoal do grupo municipal popular, sen prexuízo das súa especial dispoñibilidade segundo as necesidades do grupo municipal. A xornada laboral dos dous auxiliares do grupo mixto será a do 49% da xornada completa.

Retribucións: 20.473,28 euros brutos anuais no suposto do persoal do grupo municipal popular e de 10.031,90 euros no suposto dos 2 auxiliares do grupo mixto. Ditas retribucións percibiranse en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias en xuño e decembro polo mesmo importe. As retribucións experimentarán a mesma modificación que a do resto do persoal municipal.

Segundo.- Solicitar ante a Tesouraría Xeral da Seguridade Social a alta das persoas que ocuparán os postos de persoal eventual asumindo o Concello as obrigas que as normas de réxime xeral da seguridade social impoñen ás empresas en relación aos traballadores ao seu servizo, asumindo o pago das cotas empresariais que correspondan ao Concello en virtude destes acordos. Cumprimentados todos os trámites previstos na lexislación, publicarase o nomeamento do persoal eventual no Boletín Oficial da Provincia, onde tamén figurará o seu réxime de retribucións e a súa dedicación, en cumprimento do previsto no artigo 104.3 da LRBRL. Tamén publicarase no Portal de Transparencia do Concello de Ames.

Terceiro.- Facultar ao señor alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Punto Décimo Primeiro.- Asignación de dedicacións exclusivas e parciais.

(.....)

O voceiro popular **Ramón García Argibay** solicita que conste en acta a última intervención do alcalde neste punto da orde do día; a dita intervención é do teor literal seguinte:

Por partes, facelo ben non quere dicir que o fagamos como a vostede lle gusta. Estamos acostumbrados a que so se fai ben cando é como a vostedes lles gusta, pero non, pódese facer ben de moitas formas e así o temos amosado durante estes 4 anos. O concello, loxicamente que medrou, medrou en poboación, medrou en orzamento, medrou en condicións económicas mellorando mesmo o superávit, medrou en moitas cousas para que sexa moi distinto daquel do ano 2011. Precisamente eu creo que os gobernos non resultan mais caros porque cobren mais os seus concelleiros e concelleiras senón, probablemente, pola ineficacia, pola parálise, pola incompetencia que é cando saen mais caros para á cidadanía que polo feito dos soldos que teñan os seus representantes.

Desde logo, as contradicións son continuas, é dicir, por un lado está dicindo continuamente que ve con bos ollos que se recoñeza o traballo dos concelleiros, que os concelleiros que deixan o seu posto de traballo e que veñen á política deben cobrar e despois critica que teñamos 11 dedicacións de 13; entón, a eses concelleiros habería que dicirlle a todos os que están que non cobren dedicación porque é mellor que fagan ese traballo desde o seu posto de traballo na

empresa privada e non dende aquí. Nós temos outra forma de pensar, nese sentido, cremos que ten que haber xente, sobre todo nun concello como Ames que para nós xa é un concello grande, importante, dentro da comarca, e dentro da provincia da Coruña, e ten que ter dedicacións. Porque o que queremos é que avance este concello, si queremos parálise xa estaríamos outra vez nesas mesmas condicións que vostedes plantexaron no ano 2011, con 5-6 dedicacións que había por aquel entón. Pero nós non, nós pensamos doutra forma. Nese sentido, por iso ofreciamos a dedicación parcial ao grupo popular. Non lle contestou tampouco a Quique ao razoamento, porque vostede di que houbo ausencia de negociación. Tivemos unha primeira xuntanza na que vostede nos plantexaba a posibilidade dunhas condicións, nós estudamos esas condicións e ao final mudamos de unha dedicación exclusiva a unha dedicación parcial de 29.000 euros. Outra contradición súa, por un lado esa dedicación non chega para facer o traballo dos seus concelleiros pero a crítica por excesiva cando son concelleiros que van a ter áreas de goberno. Volvo a dicir o mesmo, esa dedicación parcial de calquera dos concelleiros ou concelleiras do partido popular a poderían compaxinar co seu posto de traballo perfectamente e son 29.000 euros, que non falamos de cousa menor.

Desde logo, postos a comparar, non fagamos trampa, estamos continuamente con esa cifra de 600.000 euros da que fala vostede en comparación coa de 317.000 do ano 2011 e a compara agora con 600.000, cifra que é falsa, non son 600.000 euros. Pero por riba, a falseade maior, a trampa maior esta en que vostede mete nesas 600.000 euros todo, é dicir, mete incluso aos auxiliares administrativos e mete mesmo as súas dedicacións correspondentes ao que vai ser o que cobre o partido. Ademais está o informe de Intervención. Pero eses 600.000, como sempre, non esgrime de onde saen as cifras senón que solta 600.000 euros para poder trasladar aquí un gráfico, pero non di de onde saen. Nesas contías están metidos os auxiliares administrativos, o persoal eventual dos grupos da oposición, os soldos que van a cobrar e a seguridade social. Polo tanto, a realidade é que vostedes utilizan os números segun lles vaia a convir. Ao igual que acontece agora cando vostede comparaba Ames con outros concellos, mesmo co alcalde de Santiago; eu vou cobrar mais que o alcalde de Santiago, ese é o titular, xa rápido, esa é a nota de prensa que vostedes mandan, cobra mais que o alcalde de Santiago, e o dixó hoxe mesmo. Eu non teño problema en compararme co alcalde de Santiago, pero non comparan cos concelleiros da oposición que van a cobrar menos, nin cos concelleiros de goberno que van a cobrar menos, comparan co alcalde porque así saen as cifras pero non comparan co que é loxicamente un concelleiro na oposición, a responsabilidade que poda ter eu como alcalde e a responsabilidade que vaia a ter o concelleiro ou voceiro da oposición en Santiago, aí non lle interesa comparar, interésalle comparar co alcalde porque vai estar en 51.000 euros, loxicamente ten unha minoría haberá que ver se ese acordo se mantén despois dos catro anos. Pero non compara con outros concellos, comparou con Culleredo porque lle interesaba porque era a mesma cor política. Eu voulle dar os datos, porque así, como di vostede, informamos. Oleiros, 55.000 euros; Narón, 54.000 euros; Culleredo, 55.000 euros; Ribeira, 56.000 euros, e o concello referente dos populares de Galicia, Arteixo, o concello mais grande que ten o partido popular na provincia da Coruña, dedicación 55.000 euros, número de dedicacións exclusivas que vai a ter Arteixo, 10, o tope máximo, por certo, varias de 45.000 euros, e varias de 39.000 euros, nada que ver cas do 75% que estamos falando aquí que non chegan aos 40.000 euros. Números de postos de confianza que vai a ter Arteixo, ese concello referente modelo do partido popular, 7, pero o que é mais grave, as 7 son para o goberno, nin unha soa para a oposición. Agora xa sabemos cal é o modelo, segundo esteamos nun lado ou esteamos noutro. Pero con todos os concellos que temos a mesma poboación, os que acabo de nomear, resulta que tan so Carballo vai a ser o que ten a dedicación exclusiva mais baixa ca Ames, tan so Carballo, e tamén lle pode dicir si quere o porqué, pregunte onde esta o alcalde de Carballo ademais de no Concello. Polo tanto, as cousas hai que deixalas ben claras e por iso non nos gusta facer demagogia porque cada un cobrara en base ao que corresponde, en base aos salarios precisamente dos traballadores. Que por iso en 2011 se baixaron, porque se baixou o soldo dos traballadores, dos funcionarios, o sufrimos todos, os que eramos funcionarios, e por iso tamén se baixou o dos políticos, e agora se sube igual que se sube os dos funcionarios. Polo tanto, cando un afirma que este goberno vai a ter un gasto sen precedentes no municipalismo galego, si, será á baixa porque precisamente vamos a estar á baixa de todos os concellos de 20.000 a 50.000 habitantes.

Por certo, que dicía vostede, que o soldo o marca a lei e non, marca o soldo segundo os habitantes, porque mais de 500.000, 100.000 euros; entre 300.000 e 500.000, tope 90.000 euros; entre 150.000 e 300.000, 80.000 euros; entre 75.000 e 50.000, 75.000; entre 25.000 e 50.000 que estamos nós, 58.000 euros. A realidade doe, a realidade é que si se fixan os salarios segundo os habitantes, un concello que ten 5.000 habitantes cobrara moito menos en boa lóxica en dedicación que un concello que ten 20.000 ou 32.000 como estamos nós. E si nós estamos entre 20.000 e 50.000 loxicamente estamos nun tope de 58.000 euros, que non lle gusta?, pois non lle gusta. Hai algúns que estando por debaixo de 20.000 habitantes cobran o cen por cen, nós non chegamos nin a iso. Nós seguiremos defendendo que estes concelleiros e estas concelleiras que deixan os seus postos de traballo para vir a traballar ao concello cobren e cobren dedicacións proporcionais, que ollo, non chegamos nin as 10, que chega por exemplo Arteixo, nin os 7 postos de confianza que chega Arteixo, polo tanto, esa é a realidade que esta aí e que entendo que mal empezan esta lexislatura cando utilizan o mesmo que estiveron utilizando estes 4 anos que é a falsidade documental e que mesmo hoxe temos ese clara evidencia con Culleredo; Arteixo non existía, Arteixo, Oleiros ten cor vermello e outros moitos como Ribeira. Polo tanto, non é cousa de cores, sexa alternativa de veciños, sexa PP, sexa PSOE ou sexa BNG se cobra en función do que corresponde.

(.....)

Rematadas as intervencións, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta dos seus membros presentes, cos votos a favor dos/as 8 concelleiros/as do grupo municipal

socialista, dos/as 3 concelleiros/as do grupo municipal do BNG, dos/as 2 concelleiros/as do grupo municipal Contigo Podemos e o voto en contra dos/as 6 concelleiros/as do grupo municipal popular e a abstención dos concelleiros do Grupo Mixto Enrique Costas Bastero e José Ramón Oulego Erroz, adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a dedicación exclusiva para o cargo de **alcalde**, cunha retribución bruta anual de 53.000 euros.

Non poderá percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, pero poderá percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do seu cargo, cando sexan efectivos e previa xustificación dos mesmos. As retribucións percibiranse en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias en xuño e decembro, polo mesmo importe. As retribucións experimentarán a mesma modificación que a do resto do persoal municipal.

Segundo.- Aprobar un total de 3 dedicacións exclusivas para concelleiros/as de goberno, cunha retribución bruta anual de 39.750 euros. Dita retribución equivale ao 75% das retribucións brutas de Alcaldía. Non poderá percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, pero poderá percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do seu cargo, cando sexan efectivos e previa xustificación dos mesmos. As retribucións percibiranse en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias en xuño e decembro, polo mesmo importe. As retribucións experimentarán a mesma modificación que a do resto do persoal municipal.

Terceiro.- Aprobar un total de 2 dedicacións exclusivas para concelleiros/as do goberno, cunha retribución bruta anual de 34.450 euros. Dita retribución equivale ao 65% das retribucións brutas de Alcaldía. Non poderá percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, pero poderá percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do seu cargo, cando sexan efectivos e previa xustificación dos mesmos. As retribucións percibiranse en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias en xuño e decembro, polo mesmo importe. As retribucións experimentarán a mesma modificación que a do resto do persoal municipal.

Cuarto.- Aprobar un total de 5 dedicacións parciais para concelleiros/as do goberno, cunha retribución bruta anual de 29.150 euros . Dita retribución equivale ao 55% das retribucións brutas de Alcaldía. A súa dedicación será de 22 horas semanais.

Non poderá percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, pero poderá percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do seu cargo, cando sexan efectivos e previa xustificación dos mesmos. As retribucións percibiranse en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias en xuño e decembro, polo mesmo importe. As retribucións experimentarán a mesma modificación que a do resto do persoal municipal.

Quinto.- Solicitar ante a Tesouraría Xeral da Seguridade Social a alta dos membros da Corporación con dedicación exclusiva ou parcial relacionados nos puntos anteriores, asumindo o Concello as obrigas que as normas de réxime xeral da seguridade social impoñen ás empresas en relación aos traballadores ao seu servizo, asumindo o pago das cotas empresariais que correspondan ao Concello en virtude destes acordos.

Sexto.- Publicar os acordos sobre o réxime de dedicacións no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia do Concello de Ames.

Sétimo.- Facultar ao señor alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E non habendo mais asuntos que tratar, o señor alcalde presidente deu por rematado o acto e levantou a sesión ás vinte e dúas horas e vinte minutos (22:20) do día 2 de xullo de 2019, de todo o que eu, como secretaria, certifico.

Visto e prace
O alcalde

A secretaria